



Castelao
TITOÁN
 INACIO / IVÁN SUÁREZ



TITOÁN # AS AVENTURAS DO MOZO CASTELAO

Titoán “As aventuras do mozo Castelao”, é un espectáculo de narración oral no que se conta á mocidade a vida de Castelao antes de convertese na figura emblemática que despois foi, empregando como punto de partida a banda deseñada do título TITOÁN de Inacio Vilariño e Iván Suárez que obtivo o premio Castelao 2011.

Os anos que se describen da vida de Castelao, son os que van desde o seu nacemento até que acude como médico ós seus veciños de Rianxo afectados pola gripe española. As anécdotas desta época están recollidas en relatos de Cousas e Retrincos e son os que utilizamos para elaborar o guión, tales como O Pai de Migueliño, Peito de Lobo e tamén a crónica periodística O Tranvía de Marín.





O Espectáculo

Un espectáculo con proxeccións de banda deseñada

Trátase de achegar aos mozos e ás mozas de forma amena á par que didáctica a vida de Castelao por medio dun relato cheo de anécdotas divertidas, presentada como se fose un obradoiro de guións de banda deseñada.

No espectáculo cóntase como Castelao viviu a súa infancia con morriña do seu pai emigrado na Arxentina, o encontro con el e a posterior vida nun comercio no medio da Pampa, onde se empapaba da cultura gaucha aprendendo a tocar a guitarra e facer “*payadas*” e como quixo arruinar o comercio familiar para obrígalos a retornar a Galiza, desesperando ó pai que o manda de volta a Compostela a estudar unha carreira. Aquí entrará de cheo na cultura bohemia da cidade participando na tuna e na súa activade cultural. Nunhas festas do Apóstolo descubre os cabezudos e isto inspíralle a idea de facer unha comparsa de cabezudos en Rianxo.

A partir de aquí esta narración oral da paso a proxección da secuencia de viñetas da banda deseñada TITOÁN, na que se conta como Castelao construíu un cabezudo imitando ao veciño máis feo da vila, un tal Titoán, e as consecuencias que isto trouxo.



Elenco Artístico

Autor e director: Inacio

Composición musical: Benxamín Otero

Actores músicos: Inacio e Benxamín Otero

Deseño escenografía: Luís Iglesias

Vestuario e atrezzo: María Chenut

Traballos gráficos: Alvarellos S.L

Banda deseñada: Iván Suárez

Ficha Técnica

Duración: 50 minutos aprox.

Público: Recomendado maiores de 12 anos

Necesidades técnicas:

- Montaxe 1 h., desmontaxe 1 h.
- Medidas do escenario aproximadas: boca 5 m. ; alto 3 m. ; fondo 3 m.
- Toma de corrente



A Compañía

Fantoches Baj é unha compañía creada en 2006 por Inacio Vilariño, titiriteiro e actor que traballou en múltiples compañías e montaxes, ata que no 2005 monta a súa compañía Fantoches Baj. Foi ademais membro fundador das compañías Seisdodos, Orfanato Albert Ansot de Gramont ou do proxecto do Museo Galego da Marioneta.

Entre os seus diversos espectáculos pódense atopar propostas máis tradicionais inspiradas na literatura oral nas que se empregan bonecos de luva e variña (*Tío Misericordia*, 2007), e outras máis contemporáneas de teatro de obxectos que parten de textos poéticos (*O Asombro*, 2010; *Poesía Última de Lois Pereiro*, 2011). É frecuente que nas súas obras se estableza un diálogo entre o teatro de marionetas e outras linguaxes escénicas como o bululú, o clown, os xigantes e cabezudos, a maxia e o teatro de rúa.

Distribución

Urdime SCG
M.+34 619920335
T. +34 981937424